



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

## ANUNCIO

ACTA TRIBUNAL CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DOS PROCESOS SELECTIVOS, POLO SISTEMA DE CONCURSO CORRESPONDENTES AS PRAZAS ESTRUTURAIS VACANTES DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE ABEGONDO INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2021 E INCURSAS NOS SUPOSTOS DAS DISPOSICIÓNS ADICIONAIS SEXTA E OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO. (ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN)

**EXPEDIENTE:** 2022/E001/000002-2022/E002/000006

### VALORACIÓN DE MÉRITOS: AUXILIAR BIBLIOTECA

Ás 12:15 horas do 28 de decembro de 2022, reúnese de maneira telemática o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para (EXECUCIÓN DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL -D.A. 6ª E 8ª DA LEI 20/2021), baixo a presidencia de Adrián Juan Márquez Caramés, secretario do Concello de Abegondo; e coa asistencia dos vogais: José Manuel Rodríguez Costa, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Abegondo, Daniel Pereiro Cachaza, asesor xurídico do Concello de Betanzos, Isabel Manteiga Moar, técnica de servizos sociais do Concello de Abegondo, actuando como secretaria Mª Beatriz Fernández Vázquez, normalizadora lingüística do Concello de Abegondo, quen da fe do acto.

### 1.-ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** Mediante o decreto da Alcaldía núm. 559/2021, do 28.12.2021, o Concello de Abegondo aprobou a oferta de emprego público para o ano 2021. O anuncio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 248, do 30.12.2021. Neste anuncio non se indicou que as prazas ofertadas son en referencia á taxa adicional de estabilización/consolidación de emprego.

Á vista desta circunstancia, mediante o decreto da Alcaldía núm. 25/2022, do 08.02.2022, resolveuse corrixir o decreto 559/2021 do 28.12.2021 e aprobar a Oferta de Emprego Público para estabilización deste concello. O anuncio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 44, do 07.03.2022.

**SEGUNDO.** Por Decreto da Alcaldía número 446/2022 do 31/10/2022 resolveuse aprobar as Bases Xerais e Específicas dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público de 2021 do Concello de Abegondo correspondente a prazas estruturais incursas nas Disposicións Adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro e convocar o proceso de estabilización temporal.

Tamén se acordou publicar o texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica deste Concello e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, así como publicar un extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

No «Boletín oficial da provincia da Coruña» número 210, do 7 de novembro de 2022, publicáronse integramente as bases que rexen a convocatoria para prover un total de 7 prazas vacantes, mediante o sistema de concurso, en quenda libre, entre elas a seguinte:

#### Persoal Laboral:

Cód.	Denominación de posto	Dot	Vacantes
4005	Auxiliar biblioteca	1	1



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



**C O N C E L L O**  
D E  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

O anuncio do extracto da convocatoria publicouse no BOE núm. 285 do luns, 28 de novembro de 2022, iniciando o prazo establecido nas bases para a presentación de instancias.

**TERCEIRO.** Durante o prazo de presentación de instancias achegáronse as seguintes solicitudes:

Denominación e código do posto: Auxiliar de biblioteca (cód. 4005)		Total vacantes: 1	
Aspirante:	DNI:	Data de presentación:	Núm. de rexistro:
DANS BARBEITO, CARMEN	***5952**	14/12/2022	20220000004161
DE LA PEÑA CALVO, NATALIA	***9194**	05/12/2022	202299900001256
CORNADO RODRÍGUEZ, LUCIA	***5693**	09/12/2022	202299900001263

**CUARTO.** A listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas foi aprobada por resolución de alcaldía núm. 526/2022 do día 21/12/2022 e publicada no BOP núm 244 do día 27/12/2022 e no taboleiro de anuncios do Concello de Abegondo o día 27/12/2022.

**CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.** Examinadas as bases e os antecedentes indicados, o presidente declara validamente constituído o Tribunal.

## 2.- CUALIFICACIÓNS

Identidade	DNI/NIF	1. EXPERIENCIA PROFESIONAL	2. MÉRITOS ACADÉMICOS	Puntuación Total
DANS BARBEITO, CARMEN	***5952**	90,00 puntos	10,00 puntos	100,00 puntos
DE LA PEÑA CALVO, NATALIA	***9194**	16,50 puntos	10,00 puntos	26,50 puntos
CORNADO RODRÍGUEZ, LUCIA	***5693**	2,90 puntos	10,00 puntos	12,90 puntos

**Notas:** Dado que aspirantes De la Peña Calvo, Natalia e Cornado Rodríguez, Lucía non acadan o mínimo de 50,00 puntos, en aplicación do disposto no parágrafo segundo da base undécima (bases xerais), o tribunal acorda consideralas non abrobadas. Do mesmo xeito, terase en conta o disposto no párrafo terceiro desta base undécima que dispón que "O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas en cada proceso selectivo".

## 3.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

De acordo co disposto na base undécima das que rexen o presente procedemento selectivo, propónse para nomeamento na PRAZA DE AUXILIAR DE BIBLIOTECA a:

NIF	APELIDOS E NOME
***5952**	DANS BARBEITO, CARMEN



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.gal](mailto:correo@abegondo.gal)

Tendo en conta esta base undécima, ten un prazo de 20 días naturais para a presentación da documentación necesaria para o seu nomeamento e posterior toma de posesión.

As persoas que tivesen a condición de persoal laboral do Concello de Abegondo estarán exentas de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento.

O que se comunica aos efectos oportunos.

Abegondo, 28 de decembro de 2022

A secretaría do tribunal

María Beatriz Fernández Vázquez



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.